

## VI CONGRESO INTERNACIONAL DE AGROECOLOXÍA

Cambiando os modelos de consumo para construír sistemas agroalimentarios sustentables

● **Que é?** A intersección entre o movemento agroecolóxico e feminista é necesidade histórica indispensable na construción de alternativas e vidas dignas e sostibles. As desigualdades sociais tecidas en torno ó sistema sexo/xénero atravesan as estruturas sociais e afectan de cheo nos procesos de transición agroecolóxica. Isto é especialmente relevante, aínda que non exclusivamente, en relación ó traballo doméstico e á economía do coidado. A división heteropatriarcal do traballo invisibiliza e desvaloriza os traballos femininos e das mulleres tanto campesiñas como urbanas centrando a atención, tanto política como analítica, no ámbito público da “produción” e o mercado de alimentos. A miúdo os traballos das mulleres campesiñas no campo e das mulleres rurais ou urbanas no mercado laboral son desvalorizados, catalogados como “axuda” e considerados subsidiarios ós realizados polos homes. Mentres tanto, a “reprodución” social e a atención dos corpos concretos (coidados) seguen sendo invisibles económicos e responsabilidade maioritariamente das mulleres. A ausencia dunha mirada feminista nos análises e procesos de transición agroecolóxica implica a reprodución e consolidación da desigualdade social entre homes e mulleres en torno á alimentación tanto no mundo rural como no urbano.

● **Quen participa?** Persoas, colectivos, responsábeis políticos, entidades de investigación e outros que promoven, practican ou investigan sobre a incorporación de perspectivas feministas e de coidados nos procesos agroecolóxicos de transformación.

● **Como participas?** Sendo parte do Congreso como contribuínte coa túa investigación ou experiencia.

● **Con que obxectivo?** Visibilización dos conflitos construídos en torno ó sistema sexo-xénero na agroecoloxía e aportar na construción de alternativas que superen ditas contradicións e desigualdades.

● **Palabras clave.** Feminismo, División Sexual do Traballo, Coidados, Agroecoloxía; Sostenibilidade da vida.

● **Quen coordina?** Marta Soler Montiel.  
Universidade de Sevilla

**Contacto da Coordinación do GT:**  
[msoler@us.es](mailto:msoler@us.es)



O VI Congreso Internacional de Agroecoloxía, con motivo do décimo aniversario do inicio desta actividade científica, queremos que supoña un punto de inflexión no seu desenvolvemento. Sendo importante a tecnoloxía innovadora para producir alimentos, o centro da nosa atención deben ser as **persoas**, as **comunidades** que comparten e as **institucións** das que forman parte para construírmos de xeito inmediato novos sistemas agroalimentarios: os cambios sociais son máis espontáneos que os tecnolóxicos, e as decisións políticas son urxentes, cada vez máis. Non podemos seguir agardando a cambios tecnolóxicos salvadores: é urxente tomar as decisións sociais, introducir cambios institucionais e políticos para solucionar problemas económicos, sociais e ambientais.

O VI Congreso Internacional de Agroecoloxía é unha chamada a científicxs, movementos sociais, empresas, persoas e comunidades para compartir os procesos de innovación social, política e institucional nos que esas entidades están inseridos. Eses procesos innovadores servirán para construírmos novos sistemas agroalimentarios que respondan adecuadamente aos problemas impostergábeis do cambio climático e da fame.

## MÁIS INFORMACIÓN

**Secretaría do Congreso**

Teléfono: 986.812.506

Enderezo electrónico: [agroecoloxia2016@uvigo.es](mailto:agroecoloxia2016@uvigo.es)

Páxina web: <http://webs.uvigo.es/economiaecologica/>

Organiza:



Patrocina:



Fundación  
Juana de Vega

Universidade de Vigo

Colabora:



uvigoTV



SOCLA